



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE VALORACIÓN DE MÉRITOS E CUALIFICACIÓN DA PROBA PRÁCTICA NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A XORNADA PARCIAL DE CATRO TRACTORISTAS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA POR UN PERÍODO DE SEIS MESES NO CONCELLO DE IRIXOA E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

PRESIDENTE: José Fernando Espada Orgeira , empregado público do Concello de Irixoa.
VOGAL: José Luis Dafonte Domínguez, empregado público do Concello de Aranga.
SECRETARIA(con voz e voto): Paula María Suárez Cotelo, empregada pública do Concello de Irixoa.

Na Casa Consistorial do concello de Irixoa, o día 21 de maio de 2026, reúnense as persoas integrantes do Tribunal Cualificador nomeadas para o desenvolvemento e cualificación do proceso selectivo convocado polo Concello de Irixoa para a contratación laboral temporal, a xornada parcial (30 horas semanais), de catro (4) tractoristas para o servizo de limpeza viaria e acondicionamento de accesos a núcleos de poboación durante un período de seis (6) meses, ao abeiro do POS GASTO CORRENTE 2026 da Deputación da Coruña, e para a creación de bolsa de emprego.

Reúnense ao efecto de resolver as alegacións presentadas con data 18 de maio de 2026, por D. Antón Abuin Vilariño que presentou escrito dirixido ao Tribunal Cualificador no que manifesta, en síntese, que durante o desenvolvemento da proba práctica se constatou a "presenza e participación" dunha persoa que non figuraba na lista definitiva de aspirantes convocados, solicitando que se "exclúa" e "anule" o exame desa persoa, e que se declare a validez e conservación dos exames do resto de aspirantes lexitimamente admitidos.

Natureza do escrito presentado:

O escrito presentado por D. Antón Abuin Vilariño debe ser tratado como un escrito de alegacións no seo do procedemento selectivo, en tanto os interesados poden "en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo", debendo ser tidos en conta ao redactarse a proposta de resolución, e podendo así mesmo alegarse "en todo momento" defectos de tramitación e, en especial, os subsanables antes da resolución definitiva, cos efectos que procedan se existisen razóns para iso. Neste marco, o Tribunal debe examinar o exposto polo interesado, pero tamén valorar a súa suficiencia, concreción e relevancia para efectos de adoptar medidas sobre o desenvolvemento do proceso, sen que a mera formulación dunha queixa determine automaticamente a estimación dunha nulidade ou exclusión sen base fáctica abonda e sen o oportuno contraste no expediente.

Sobre a actuación do Tribunal:

A función do Tribunal Cualificador no desenvolvemento e cualificación das probas selectivas exerceuse con independencia funcional, actuando sometido ás normas aplicables e ás Bases da convocatoria, e con deber de imparcialidade, obxectividade e profesionalidade respecto dos participantes, de xeito que a valoración se realiza unicamente con criterios obxectivos fundamentados nas probas efectivamente realizadas.

Para o chamamento dos aspirantes admitidos á proba o tribunal vóllese da resolución de alcaldía onde se recolle a lista definitiva de aspirantes admitidos. No expediente consta Resolución de Alcaldía de data 13 de maio de 2026 e nº 2026/G003/000128 na que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora da proba. Do mesmo xeito, consta Resolución de Alcaldía da mesma data (13/05/2026) e nº 2026/G003/000129 onde, detectado o erro material na lista de admitidos, se corrixe a lista definitiva. Ambas resolucións foron publicadas no taboleiro de anuncios da

sede electrónica do concello de Irixoa, polo que ambas foron de público coñecemento. Como non pode ser de outro xeito, o Tribunal ten en conta a última das resolucións da alcaldía.

Sobre a falta de concreción e acreditación mínima da incidencia invocada e a improcedencia de acordar "nulidade radical" por mera afirmación:

A pretensión de que se declare a nulidade do exame dunha suposta persoa non convocada formúlase sen identificala e sen achegar un principio de proba ou elemento de xuízo verificable. Nestas condicións, non é xuridicamente procedente que o Tribunal adopte un acordo anulatorio ou excluínte baseado unicamente nunha afirmación non individualizada, cando a propia acta declara que a identidade foi comprobada conforme ás Bases .Recórdase que o Tribunal empregou a lista definitiva aprobada pola resolución de alcaldía nº 2026/G003/000129 aos efectos de practicar os chamamentos, comprobando a identidade dos aspirantes co seu DNI e acompañados do carnet de conducir, aportando todos os aspirantes os respectivos documentos.

Conclusión: desestimación da nulidade/exclusión interesada por falta de base fáctica suficiente e mantemento da valoración do Tribunal

Por todo o exposto, procede desestimar a solicitude do alegante en canto pretende que se declare, sen identificación do suxeito, sen acreditación mínima e sen reflexo no expediente, unha nulidade do "exame da persoa non convocada", así como a súa exclusión inmediata.

Polo tanto, mantense a valoración feita por este tribunal con data 15/05/2026, e onde se acordaba a elevar á Alcaldía a contratación das seguintes persoas:

1. Alberto Porto Prieto
2. José Antonio Boedo Saavedra
3. José Ares Gómez
4. Constantino Tojeiro Couto

Quedando na Bolsa de emprego con vixencia durante o programa:

1. Antón Abuín Vilariño.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión , redactándose a presente acta que, como fiel reflexo do acontecido e dos acordos adoptados, é asinada polos membros do tribunal asistentes, para a súa incorporación ao expediente e para os efectos de publicación que procedan.

Asinan:

A Presidencia do Tribunal
D./D.^a José Fernando Espada Orgeira

A Secretaría do Tribunal
D./D.^a Paula María Suárez Cotelo

Vogais
D./D.^a José Luis Dafonte Domínguez,

